



RESOLUCIÓN PROVISIONAL DE CENTROS BENEFICIARIOS DAS AXUDAS A CENTROS PÚBLICOS DE ENSINO NON UNIVERSITARIO PARA PARTICIPAR NO PROGRAMA GALIMIENS DE INTERCAMBIO EN LIÑA DE ALUMNADO CONVOCADAS POLA RESOLUCIÓN DO 23 DE XUÑO DE 2021 DA SECRETARÍA XERAL DE EDUCACIÓN E FORMACIÓN PROFESIONAL.

A Resolución do 23 de xuño de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se regula a convocatoria e selección de centros públicos de ensino non universitario da Comunidade Autónoma de Galicia para participar no programa de intercambio en liña GALIMIENS con alumnado de centros educativos da Académie d'Amiens (Francia) durante o curso 2021/2022, publicada no portal educativo o 29 xuño de 2021, regula o réxime de axudas a centros públicos de ensino non universitario da Comunidade Autónoma de Galicia para participar no programa de intercambio en liña GALIMIENS.

Unha vez rematada pola comisión a valoración das solicitudes recibidas dentro do prazo que se estipula no apartado 3 da cláusula oitava da *Resolución do 23 de xuño de 2021* e, segundo o estipulado na cláusula décima da dita Resolución,

RESOLVO:

Primeiro-. Publicar no portal educativo <http://www.edu.xunta.gal/portal> a proposta de resolución provisional de centros beneficiarios das axudas que figuran no Anexo I.

Segundo-. Contra esta resolución poderanse efectuar reclamacións ou renuncias á concesión das axudas ante a persoa que exerza a presidencia da comisión no prazo de 5 días hábiles a partir do día de publicación da resolución provisional no portal educativo.

A subdirectora xeral de Innovación, Orientación e Formación de Recursos Humanos.

M^a Eugenia Pérez Fernández

